

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 18/08/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

SECRETARIO ACCTAL

MANUEL FRANCO LEIS

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 18/08/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 10 de agosto de 2026, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/3031

Dáse conta do escrito presentado por Dna. María Aránzazu Muradas González, solicitando a creación dunha praza de estacionamento de mobilidade reducida na Avda. de Cambados.

Dáse conta do informe da Policía Local no que indican, que realizada a inspección e comprobación das condicións da vía pública, constatan que resulta técnicamente viable a instalación da reserva de estacionamento solicitada, concretamente á altura do portal nº13 da citada rúa. A localización proposta atópase entre ambos os vaos de acceso aos inmobles e a continuación da reserva existente para carga e descarga, non apreciándose, tras a inspección realizada, circunstancias que impidan ou desaconsellen a instalación da devandita reserva no emplazamento indicado.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinalización dunha praza de estacionamento de mobilidade reducida na Avda. de Cambados, á altura do portal nº13.

Asímesmo, faise constar que as prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida son de uso xeral e pode facer uso calquera persoa que posúa a autorización correspondente, nunca se conceden con uso exclusivo de persoas determinadas.

Dar conta ao responsable de sinalización.

PRP2026/3023

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Morales Fontanes, solicitando a ampliación de sinalización en vao permanente na rúa Arzobispo Gelmírez, á altura do nº25, debido a que a presenza de vehículos estacionados regulamentariamente na praza contigua á dereita do seu vao impídelle visibilizar correctamente o tráfico rodado que provén desde a súa esquerda (sentido da marcha da vía) no momento de incorporarse á circulación desde o seu garaxe.

Dáse conta do informe da Policía Local, no que realizada a inspección ocular e análise da configuración da vía pública, indican o seguinte:

- Suficiencia da sinalización actual: A Ordenanza Municipal de Circulación (OMC) de Vilagarcía de Arousa establece no seu artigo 64.5 que o espazo destinado ao vao será

"usualmente igual ao largo da porta de acceso ao local". No caso que nos ocupa, verificouse que a sinalización vertical e horizontal (placa de vao oficial e liña amarela continua) axústase estritamente ao ancho do portal do garaxe. Esta é a dimensión habitual, estándar e suficiente que garante o acceso físico de entrada e saída de vehículos en condicións normais.

- Equilibrio e uso do dominio público: As prazas de estacionamento público adxacentes están dispostas para unha "equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios". A supresión dunha praza de aparcamento legal mediante o pintado de liña amarela continua contigua, sen que exista unha imposibilidade xeométrica ou física insalvable para o xiro, suporía unha perda inxustificada dun espazo público limitado para o resto dos cidadáns.
- A visibilidade na incorporación: O artigo 72.1 do Regulamento Xeral de Circulación (RGC) e o artigo 28 da Lei de Seguridade viaria (LSV) obrigan a todo condutor que pretenda incorporarse á circulación desde unha propiedade lindeira a "confirmarse previamente, incluso seguindo as indicacións doutra persoa en caso necesario, de que pode facelo sen perigo". Con todo, recoñécese que o estacionamento de vehículos na praza contigua xera un ángulo morto visual cara á esquerda que dificulta a manobra en solitario.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda non aprobar a ampliación da liña amarela sobre a praza de estacionamento contigua ao vao permanente na rúa Arzobispo Gelmírez, á altura do nº25.

PRP2026/2948

Dáse conta do escrito presentado por Dña Yineiri Coromoto Franco Cabrera Y8519009F, no que solicita autorización para a realización dunha actuación musical na terraza do Bar Carril sito na Praza da Liberdade, o día 06 de agosto de 2026, en horario de 21:00 03:00 h.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2949

Dáse conta do escrito presentado por Asociación "Auga que non has de Beber", en relación coas actividades que van levar a cabo para a promoción e dinamización no desenvolvemento da Festa da Auga 2026, solicitando:

- 2 carpas, 3 mesas e cadeiras para o sábado 8 de agosto na praza de Galicia (10:00-14:00H)
- 1 carpa e tres mesas na praza de Galicia para o día martes 11 (10:00-14:00H)
- 1 carpa e dúas mesas para o xoves 13 e venres 14 de agosto na intersección das rúas Valentín Viqueira e rúa Baldosa en horario de mañán. (10:00-14:00H, en función da demanda).
- Por cuestión loxísticas, precisamos a colocación dunha furgoneta matrícula M4860Y na Rúa Romero Ortiz (altura antiga moblería Saavedra, como tódolos anos) sen obstaculizar o paso doutros vehículos dende o día 15 ata o 18 de agosto de 2026.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

En relación coa instalación da furgoneta matrícula M4860Y, deberá dispoñer de seguro e

aportalo.

RECURSOS HUMANOS

PRP2026/3029

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 01 ao 31 de xullo de 2026, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes xullo
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
TOTAL				7.700,00 €

PRP2026/3030

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023, acordouse fixar o importe pola asistencia a sesións a os Plenos e a Xunta de Goberno Local en 150,00 €, pola asistencia a Comisión informativa en 125,00 € e pola asistencia á Mesa de Contratación e á Xerencia de Urbanismo en 50,00 € con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023.

A Xunta de goberno local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de xullo de 2026, por un importe total de 7.300,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIÓNS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	
D. CARLOS COIRA LOJO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	50,00 €	1.100,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	2	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	300,00 €
D ^a LUZ MARIA ABALO PÉREZ	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1.000,00 €
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	50,00 €	1.000,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	---	x 150,00 €	---	x 125,00 €	3	x 50,00 €	150,00 €
D ^a M ^a ELENA SUAREZ SARMIENTO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	200,00 €
D ^a MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €

D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
D ^a ROSA M ^a ABUIN RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
TOTAL							7.300,00 €

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2026/3004

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela - Interparroquial de Arousa (Comedor social) con N.I.F. R1500053B, por importe de 37.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento de actuacións e actividades enmarcadas no funcionamento do centro de Cáritas Interparroquial de Arousa – Comedor Social detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o borrador do convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto a entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela - Interparroquial de Arousa (Comedor social) con N.I.F. R1500053B, por importe de 37.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002, , dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

PRP2026/3005

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Cruz Vermella O Salnés (albergue), con N.I.F. Q2866001G, por importe de 115.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento de actuacións e actividades no marco de xestión e mantemento do Albergue destinado a persoas sen fogar e transeúntes detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- A aprobación do borrador do convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- Autorización e compromiso de gasto a entidade Cruz Vermella O Salnés (albergue), con N.I.F. Q2866001G, por importe de 115.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002, , dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

PRP2026/3006

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Asociación de Diminuídos Psíquicos Con Eles, con N.I.F. G36296739 por importe de 4.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei

38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento de actividades realizadas dende o centro e destinadas a persoas en situación de discapacidade intelectual detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o borrador do convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto á entidade Asociación de Diminuídos Psíquicos Con Eles, con N.I.F. G36296739 por importe de 4.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002, dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

PRP2026/3007

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER - ASPACE, con N.I.F. G36153757 por importe de 4.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento de actividades e actuacións realizadas dende o centro destinadas persoas en situación de discapacidade detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o borrador do convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto a entidade Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER - ASPACE, con N.I.F. G36153757 por importe de 4.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002, dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

PRP2026/3009

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Asociación de Pais de Minusválidos Psíquicos Adultos do Centro Ocupacional O Saiar, (APACOS), con N.I.F. G36142396 por importe de 2.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento de actividades e actuación encamiñadas á atención integral de persoas en situación de discapacidade no marco das actividades promovidas dende o centro e a asociación de pais e nais, detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuación.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o borrador do convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto a entidade Asociación de Pais de Minusválidos Psíquicos Adultos do Centro Ocupacional O Saiar, (APACOS), con N.I.F. G36142396 por importe de 2.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002, , dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

PRP2026/3010

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Asociación de Alcohólicos Rehabilitados de Vilagarcía de Arousa (AREVA), con N.I.F. G36484616 por importe de 2.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento de actividades e acción dirixidas a situacións persoais de dependencia de alcohol e persoas en procesos de rehabilitación incluíndo a súa contorna familiar a través de intervencións integrais, detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o borrador do convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto á entidade Asociación de Alcohólicos Rehabilitados de Vilagarcía de Arousa (AREVA), con N.I.F. G36484616 por importe de 2.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002, dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

PRP2026/3011

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Asociación Galega de Linfedema, Lipedema, Insuficiencia Venosa Crónica e outras Patoloxías Vasculares Periféricas (AGL) con N.I.F. G36479103, por importe de 3.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento de actuacións e intervencións encamiñadas á sensibilización en relación á enfermidade de linfedema, lipedema e insuficiencia venosa crónica, así como a atención ás persoas afectadas e a súa contorna, detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o borrador do convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto a entidade Asociación Galega de Linfedema, Lipedema, Insuficiencia Venosa Crónica e outras Patoloxías Vasculares Periféricas (AGL) con N.I.F. G36479103, por importe de 3.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002 dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

PRP2026/3054

Dáse conta da proposta da Concelleira de Servicios Sociais, na que se indica que resulta necesario o suministro e instalación de pavimento amortigüante no patio da escola infantil para poder habilitalo e facer uso do mesmo.

Coa finalidade de dar cumprimento ás esixencias previstas no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (LCSP), compre sinalar que na realización deste contrato menor non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1 do citado artigo.

A duración do contrato será de dous meses: agosto e setembro de 2026.

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de obras consistente no suministro e instalación de pavimento amortiguante no patio da escola infantil, por un importe de 16.135,35€ (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 323.63200, dentro do proxecto de gasto do Plan Concertado Escolas Infantís, do orzamento vixente.

2.- Adxudicar o contrato menor de obras a GAROCAPRIM SL (B94016805), de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/3055

Dáse conta da proposta da Concelleira de Servicios Sociais, na que se indica que resulta necesario o suministro e instalación de valado de madeira do patio da escola infantil para poder habilitalo e facer uso do mesmo.

Coa finalidade de dar cumprimento ás esixencias previstas no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (LCSP), compre sinalar que na realización deste contrato menor non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1 do citado artigo.

A duración do contrato será de dous meses: agosto e setembro de 2026.

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de obras consistente no suministro e instalación de valado de madeira no patio da escola infantil, por un importe de 8.349,00€ (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 323.63200, dentro do proxecto de gasto do Plan Concertado Escolas Infantís, do orzamento vixente.

2.- Adxudicar o contrato menor de obras a GAROCAPRIM SL (B94016805), de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EMPREGO

PRP2026/3016

Para o Nadal 2026, as accións de dinamización comercial, desenvolveranse arredor de tres eixos principais:

1. Dinamización de Rúas Comerciais

2. Montaxe da Aldea de Nadal e dinamización comercial da aldea e da súa contorna

3. Deseño e realización de Xardíns Efémeros e decoración de rúas comerciais de Vilagarcía.

A temática inspiradora das accións de dinamización comercial para o Nadal 2026 continuará sendo o “CONTO DE NADAL” de CHARLES DICKENS e o Londres da época Victoriana, para o que será preciso a ambientación temática, decoración, sonorización e iluminación artística das rúas principais da cidade

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á decoración temática das rúas principais da cidade de Vilagarcía de Arousa e adxudicar contrato ás seguintes empresas pola contía e conceptos que se indican:

- Adxudicar a MADERAS ACUÑA S.L.U . NIF: B-36.195.535 o contrato de subministro de madeira por contía de 3.632,30 € (IVE engadido), con cargo á partida 4311.22610, de conformidade co orzamento presentado.

- Adxudicar a ULTRACONFORT S.L. C.I.F.: B-36.019.834 o contrato de subministro de guata por contía de 657,89 € (IVE engadido), con cargo á partida 4311.22610, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/3019

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2026, presentada por AFANA IDEAS INNOVACION Y SOLUCIONES INTELIGENTES SL CIF: B36577674 con domicilio en la PLAZA ESTACIÓN Nº: 4 Baixo CP: 36660 Vilagarcía de Arousa, infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Quinta):

CRITERIO	PUNTOS
Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa	1
Empresa menos de 10 traballadores	2
T O T A L PUNTOS	3
SUBVENCIÓN ACADADA	2.500,00 €

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención solicitada por AFANA IDEAS INNOVACION Y SOLUCIONES INTELIGENTES SL CIF: B36577674, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €), con cargo á partida 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (suministrado polo departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2026/3020

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2026, presentada por AFANA IDEAS INNOVACION Y SOLUCIONES INTELIGENTES SL CIF: B36577674 con domicilio en la PLAZA ESTACIÓN Nº: 4 Baixo CP: 36660 Vilagarcía de Arousa, infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Quinta):

CRITERIO	PUNTOS
Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa	1
Empresa menos de 10 traballadores	2
Traballador menos de 30 anos e beneficiario de programas de formación	2
T O T A L PUNTOS	5
SUBVENCIÓN ACADADA	3.000,00 €

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención solicitada por AFANA IDEAS INNOVACION Y SOLUCIONES INTELIGENTES SL CIF: B36577674, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €), con cargo á partida 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (suministrado polo departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2026/2935

Dáse conta da proposta do Director acctal. da Biblioteca Municipal para o arranxo de filtracións de auga e acondicionamento de zona exterior na Axencia de Lectura de Carril.

A Axencia de Lectura de Carril vese afectada dende fai tempo polas filtracións de auga na zona dunha das súas fiestras. En días de choiva e vento é común que a auga entre na Axencia a través das fisuras na pedra, causando molestias ós usuarios do servizo e poñendo en risco o material bibliográfico. Cumpre o arranxo destas filtracións de auga para evitar danos maiores.

Coa finalidade de dar cumprimento ás exixencias previstas no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Públicos (LCSP), compre sinalar que na realización deste contrato menor non se está alterando o obxecto do contrato do fin de evitar a aplicación do limiares descritos no apartado 1 do citado artigo.

Tendo en conta o anterior a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de obras de arranxo de filtracións na Axencia de Lectura de Carril, por importe de 9.014,50 € (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 334-63200 do orzamento vixente, dentro do proxecto de gasto 2024/2/PREST/12.

2.- Adxudicar o contrato menor de subministro a CÉSAR PAZ, S.L. (B36540797) de conformidade co orzamento incorporado ó expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

MERCADOS

PRP2026/3037

Dáse conta do escrito presentado por Dona MARÍA ANTIGUA BURGOA LARRINAGA solicitando a baixa dos postoa nº 7-8, da Praza do peixe de Vilagarcía de Arousa, por xubilación da concesionaria con data 31 de xullo de 2026.

Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co artigo 23.1), d) do Regulamento das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a baixa da concesión dos postos nº 7-8, da Praza do peixe de Vilagarcía de Arousa, a todos os efectos, con data 31 de xullo de 2026.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2026/3017

Dáse conta da notificación da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ao Concello de Vilagarcía de Arousa da resolución pola que se comunica a non concesión da solicitude de subvención solicitada para a realización do proxecto “ampliación do grao de implantación territorial do programa para a separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a compostaxe doméstica no Concello de Vilagarcía de Arousa” ao abeiro da Orde do 15 de xaneiro do 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións dirixidas a incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento MT975X) por non acadar a puntuación mínima.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/3025

Dáse conta da chegada dunha comunicación de Augas de Galicia o día 23/07/2026, no que nos achega o informe correspondente á auditoría realizada do funcionamento da EDAR e no que se indican os seguintes aspectos:

- Cumprimento das esixencias da Directiva 91/271/CEE en tódalas mostras tomadas.
- A valoración da calidade global da EDAR é DEFICIENTE.
- Equipo de desinfección en funcionamento con rendemento insuficiente
- Recomendacións:
 - Recoméndase resolver os problemas de fugas dos colectores do pretratamento e das xuntas do reactor biolóxico nº1, así como realizar un estudo técnico sobre o estado dos piares da pasarela e da estrutura do tratamento secundario.

- Tamén deben corrixirse os problemas de reparación dos colectores de impulsión das bombas de auga tratada, cuestión xa iniciada neste período.
- O equipo de desinfección ultravioleta presenta historicamente rendementos moi baixos ou nulos de redución de contaminación microbiolóxica, que poderían atribuírse parcialmente a unha insuficiente calidade do efluente. Aínda así, recoméndase non descoidar os labores de mantemento do equipo e resolver o problema de funcionamento da pantalla táctil.
- Recórdase que, segundo o Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia a competencia da xestión e mantemento da rede de saneamento, dos permisos de vertedura, do control de verteduras á rede de saneamento e a responsabilidade de garantir o seu cumprimento é competencia da entidade local xestora do sistema, neste caso o Concello de Vilagarcía de Arousa. Polo tanto é responsabilidade do concello localizar e reparar os puntos de infiltracións de augas brancas e mariñas na rede de saneamento, esixir aos/ás usuarias/os non domésticos que dispoñan de permiso de vertedura e verificar o seu cumprimento, así como dispor dun censo das/os usuarias/os con permiso de vertedura e remitir a Augas de Galicia a información relativa aos permisos de vertedura indicados.

Indicar que dentro dos traballos da asistencia técnica se realizaron varias visitas de inspección á rede de saneamento para coñecer os puntos nos que se están a producir estas infiltracións, e o 05/01/2022 a asistencia técnica entregou un informe de inspección da rede de saneamento de Vilagarcía de Arousa identificaonde se producen infiltracións de auga mariña, e as medidas correctoras recomendadas para atallalas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda se de traslado a ESPINA Y DELFIN SL.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2026/3036

Dáse conta da proposta da Area de Igualdade para adquisición de 500 pulseiras para a prevención de posibles situacións de submisión química durante a Festa da Auga, a noite do 15 ao 16 de agosto de 2026.

Nos últimos anos vivimos a proliferación das agresións sexuais en contextos de aglomeracións de xente, como son as festas populares, xa que estes contextos facilitan o anonimato dos agresores.

Algunhas destas agresións prodúcense como consecuencia da chamada submisión química, que anula a capacidade de resposta das mulleres vítimas.

Fronte a estas situacións, o Concello de Vilagarcía acordou no Pleno de data 25 de xuño de 2026 o compromiso de levar a cabo o reparto prioritario de pulseiras de detección de determinadas sustancias asociadas á submisión química durante as celebracións.

Estas pulseiras estarán dispoñibles tanto no Punto Lila, como no Hospital de campaña da Praza da Peixeiría que funcionarán ao longo desta noite previa á Festa da Auga (16 agosto).

Tendo isto en conta a Xunta de Goberno Local acorda autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de servizos consistente na adquisición de 500 pulseiras V01 detección 2 sensores (GHB y AMINAS) adxudicándoo a SEPY MEDICAL S.L. B36484822, por importe de 1.905,75€ (IVE engadido) con cargo á partida orzamentaria 2312-22615 da partida de gasto da Área de Igualdade, do orzamento vixente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2026/3026

Vista a solicitude de D. Javier Quintáns Berride, patrón maior da Cofradía de pescadores Santiago Apóstol de Carril, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello da seguinte actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da XXXI Edición da Ameixa en O Carril, o día 09 de agosto de 2026.

NOME FISCAL	CIF	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
ASOCIACIÓN CULTURAL OS XIRIFEIROS	G36439792	09-08-2026	391,00€	334-22609

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2026/3027

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo para adxudicar o contrato menor de servizos consistente na redacción de proxecto de "Humanización travesía Doctor Tourón en Vilagarcía de Arousa".

O servizo ten como obxecto a redacción do proxecto de "humanización de 3 tramos de rúa en travesía con avenida Doutor Tourón", á altura dos seus números 44 e 46, duns 2.750 m², co obxecto de transformar a súa actual configuración con viario asfaltado (circulación e aparcamento) e beirarrúas estreitas nun espazo de prioridade peonil, en plataforma única, accesible, axardinado, con capacidade de drenaxe sostible e, que elimine o cu de saco promovendo a conexión co parque de Santa Ana e a eliminación do desnivel que os separa.

O ámbito da proposta engloba todo o perímetro de dúas torres de vivendas con baixo e entreplanta comercial, que dan fronte á avenida Dr. Tourón á altura do nº 44-46. Debido ao desnivel e a que as torres foron construídas sobre unha explanación do terreo realizada mediante un desmorte, a partir do fronte á rúa, desenvólvense 3 tramos en forma de U e en cu de saco, confinadas por muros de contención. Isto provoca que estas 3 rúas queden desconectadas da súa contorna urbana inmediata, debido á diferenza de cota, e que a súa percepción, debido aos muros de contención, sexa pouco amable.

As torres que ocupan o centro da intervención posúen un programa mixto, con planta baixa que alberga: garaxes, unha oficina bancaria e un auditorio pertencente á Cámara de Comercio de Vilagarcía; unha entreplanta de oficinas, cun coworking e dependencias da propia Cámara; e 11 plantas de vivendas, con 45 vivendas por torre.

Pola súa banda, as rúas que rodean o conxunto das torres carecen de mobiliario nin adecuación urbana, presentando tan só un estreito perímetro de beirarrúa interior, sobre a mesma construción, e dispoñendo de prazas de aparcamento irregularmente distribuídas, ata un total de 70 prazas.

Estamos, por tanto, ante un uso mixto, con alta densidade residencial e un uso comercial de oficinas.

O obxecto do contrato son os servizos profesionais para a redacción dun "Proxecto para a humanización da Travesía Doutor Tourón", aplicado dentro do ámbito de actuación delimitado o cal persegue a consecución dos seguintes obxectivos:

1. Humanizar e renaturalizar o ámbito do proxecto, transformando a actual chaira de aparcamento nun espazo público, peonil e axardinado.

2. Conectar o espazo urbano co parque de Santa Ana e outras rúas circundantes.

3. Adaptación do espazo ao cambio climático e, en concreto, ao risco de inundación.

Solicitado orzamento para a “REDACCIÓN DE PROXECTO DE HUMANIZACIÓN TRAVESÍA DOCTOR TOURÓN, EN VILAGARCÍA DE AROUSA”, á mercantil Brota Arquitectura,S.L.P. (NIF B75639286), oferta o seguinte:

Oferta IVE excluído	IVE 21%	Oferta IVE engadido
14.900,00	3.129,00	18.029,00

Deseguido se relacionan as actuacións necesarias a subministrar polo Concello previa á redacción do proxecto:

-Levantamento topográfico do ámbito da actuación e entorno inmediato incluíndo:

- Entradas a vivendas, oficina e garaxes
- Instalacións urbanas (tapas de pozos, arquetas e outros)
- Vexetación
- Pavimentos
- Altimetría

-Planos de instalacións urbanas do Concello de Vilagarcía de Arousa

-Inspeccións e catas a realizar polos servizos municipais, para verificar a rede de instalacións urbanas (auga, saneamento, pluviais e electricidade) e a composición e distintas capas dos firmes e pavimentos do ámbito de actuación.

O prazo de execución do contrato será de 3 meses.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Adxudicar o contrato menor de servizos de “REDACCIÓN DE PROXECTO DE HUMANIZACIÓN TRAVESÍA DOCTOR TOURÓN, EN VILAGARCÍA DE AROUSA” á mercantil Brota Arquitectura,S.L.P. (NIF B75639286), por un importe de 14.900,00 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 3.129,00 €, o que totaliza un importe de adxudicación 18.029,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 150-640 do orzamento municipal vixente, cun prazo de execución de 3 meses.

PRP2026/3033

Dáse conta do expediente de contratación para adxudicar o contrato de obra denominado “Humanización e peonalización da rúa Esperanza” CT 02/2026-e, cun orzamento de licitación de 344.508,69€ (sen IVE) e de 416.855,51€ (con IVE)

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 1 de xuño de 2026, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, autorizouse o gasto e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación do contrato de obras de humanización e peonalización da rúa Esperanza.

Durante o prazo de presentación de ofertas concorreron os seguintes licitadores: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU, CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L, MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L., MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., NOVAVIAL S.L e SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL.

Os licitadores do contrato de obra de referencia presentaron as ofertas que a seguir se indican:

LICITADOR	Oferta económica sen IVA _i E	MELLORA: incremento do prazo de garantía	MELLORA da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución dos traballos	Mellora da partida 4.8 do proxecto técnico, consistente en subministro e instalación de dous hidrantes
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	333.105,45 €	SI (3 ANOS)	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L	323.493,00 €	SI (3 ANOS)	SI	SI
MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.	334.104,53 €	SI (3 ANOS)	SI	SI
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	325.595,16 €	SI (3 ANOS)	SI	SI
NOVAVIAL S.L	343.302,91€	SI (3 ANOS)	SI	SI
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL	309.988,92 €	SI (3 ANOS)	SI	SI

Previa emisión dos informes técnicos oportunos e aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, resulta a seguinte valoración:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Puntos oferta económica	Puntos mellora: aumento prazo de garantía (max. 30 ptos)	Puntos mellora: documentación técnica	Puntos mellora: partida 4.8 (instalación hidrantes)	TOTAL PUNTOS
Servicios Medioambientales del Miño, S.L.	309.988,92 €	10,00	30,00	10,00	50,00	100,00 (proposto para adxudicación)
Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	323.493,00 €	6,09	30,00	10,00	50,00	96,09
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	325.595,16 €	5,48	30,00	10,00	50,00	95,48
Construcciones Castro Figueiro, S.L.U.	333.105,45 €	3,30	30,00	10,00	50,00	93,30
Montajes J.M. Iglesias, S.L.	334.104,53 €	3,01	30,00	10,00	50,00	93,01
Novavial SL	343.302,91 €	0,35	30,00	10,00	50,00	90,35

A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación, formulándose polo citado órgano de asistencia, na súa sesión do 16 de xullo de 2026, no seguinte senso:

De acordo á avaliación das propostas presentadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B27815182 SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL Proposto para la adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: B36162030 CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 96.09

Total puntuación: 96.09

Orden: 3NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 95.48

Total puntuación: 95.48

Orde: 4NIF: B36816189 CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 93.3

Total puntuación: 93.3

Orde: 5NIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 93.01

Total puntuación: 93.01

Orde: 6NIF: B70538459 NOVAVIAL S.L

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 90.35

Total puntuación: 90.35

Visto o que antecede, e téndose completado o expediente de contratación e incorporada ao expediente a documentación á que fai referencia o artigo 150.2 da LCSP, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Admitir a oferta do licitador Servicios Medioambientales del Miño, S.L. ao entender xustificada a súa oferta anormalmente baixa, de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal sobre a baixa anormal ou desproporcionada na que incorría a súa oferta.

2.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Humanización e peonalización da rúa Esperanza”, cofinanciado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2026/2027, cun orzamento de licitación de 344.508,69€ (sen IVE); 416.855,51€ (con IVE), á empresa con NIF: B27815182 SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,S.L., de conformidade coa súa oferta, por ser ésta

a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 1530-61900 (proxecto de gasto 2026/2/+PRO/1/1)).

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 309.988,92€ (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 65.097,67 €, o que totaliza un importe de 375.086,59 € (IVE incluído).

- Melloras:

- Mellora: aumento do prazo de garantía en 3 anos (prazo de garantía total: 4 anos).
- Mellora da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución dos traballos.
- Mellora da partida 4.8 (Instalacións) do proxecto técnico de obra, consistente no subministro, instalación, verificación e posta en funcionamento de dous hidrantes.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2026/3048

Visto o expediente de gasto INT/2026/510 integrado pola relación de xustificantes F/2026/153 por importe de 3.723,69€.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

PRIMEIRO: O recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2026/153 por importe de 3.723,69€, coa seguinte desagregación:

N° de Entrada	N° de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/2026/4212	26SF10171198	26/06/2026	30,49	241	22000	B50570571	SOLITIUM, S.L.	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 241 EMPREGO Período Del 1/6/2026 al 30/6/2026 (ID:SL03078DNNE AVDA. DE MATOSINHOS, N°1- BAJ
F/2026/4213	26SF10171199	26/06/2026	3.278,37	920	22000	B50570571	SOLITIUM, S.L.	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 920 ADMON XERAL Período Del 1/6/2026 al 30/6/2026 (ID:SL03100DNNE PLAZA DE RAVELLA, 1 VILAG
F/2026/4215	26SF10171201	26/06/2026	193,27	3261	22000	B50570571	SOLITIUM, S.L.	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 3261 CONSERVATORIO Período Del 1/6/2026 al 30/6/2026 (ID:SL07174DNNE AVDA. DA MARIÑA N° 27
F/2026/4216	26SF10171202	26/06/2026	83,47	3262	22000	B50570571	SOLITIUM, S.L.	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTES 3262 ESCOLA DE MUSICA Período Del 1/6/2026 al 30/6/2026 (ID:SL144651 AVDA. ROSALIA DE CAST
F/2026/4217	26SF10171203	26/06/2026	115,93	3321	22000	B50570571	SOLITIUM, S.L.	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTES 3321 BIBLIOTECAS Período Del 1/6/2026 al 30/6/2026 (ID:SL07082DNNE RUA VAZQUEZ LEIS, 16 VI
F/2026/4218	26SF10171204	26/06/2026	22,16	4311	22000	B50570571	SOLITIUM, S.L.	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 4311 FEIRAS / SIBAÑEZ: OJO EN MAYO REVISAR SI SE PUEDE SEGUIR FACTURANDO Período Del 1/6/202
		TOTAL:	3.723,69					

PRP2026/3049

Visto o expediente de gasto INT/2026/515 integrado pola relación de xustificantes F/2026/154 por importe de 116.347,25€.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

PRIMEIRO: O recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2026/154 por importe de 116.347,25€, coa seguinte desagregación:

N° de	N° de Documento	Fecha	Importe	Programa	Económica	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
-------	-----------------	-------	---------	----------	-----------	---------	--------	-------------------

Entrada		Dto.	Total					
F/ 2026/4708	V-FACTUR26 2026/2000	30/06/20 26	114.577,45	1623	22700	A15379803	SOGAMA, S.A.	Tratamento RU Mes Xuño 2026 / Redución
F/ 2026/4709	V-FACTUR26 2026/2119	30/06/20 26	1.769,80	1623	22700	A15379803	SOGAMA, S.A.	Tratamento Biorresiduos Mes Xuño 2026
		TOTAL:	116.347,25					

PRP2026/3050

Visto o expediente de gasto INT/2026/516 integrado polo xustificante da factura nº 50669668 (rexistro contable nº 2026/4495), de data 10/07/2026 e por importe de 236,18€, emitida por MGS, Seguros y Reaseguros S.A., relativa ao seguro da flota de vehículos, alta de vehículo con matrícula 8807LNK, e conformado polo servizo.

Visto o expediente relacionado RESPAT/2026/000007 no que consta Resolución de Alcaldía resolvendo a continuidade da tramitación do expediente (R.A. nº 2026000439 de data 26/02/2026), previamente obxecto de informe de reparo da Intervención Municipal (CSV KSTVGHJ07PLS2CZA), sendo o acordo exacto “Solventar o reparo suspensivo efectuado pola Intervención Municipal ao expediente RESPAT/2026/000007 e que se continúe coa tramitación do mesmo, aprobando o gasto e a súa disposición, sendo que existe crédito axeitado e suficiente conforme as retencións de crédito formalizadas nas aplicacións correspondentes para garantir a cobertura do gasto, segundo queda constancia no expediente”.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

PRIMEIRO: A autorización e disposición do gasto, así como o recoñecemento de obriga para o xustificante da factura nº 50669668 con rexistro contable nº 2026/4495 por importe de 236,18€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/ 2026/449 5	50669668	10/07/ 2026	236,18	1530	224	A08171373	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO FLOTA DE VEHÍCULOS / Póliza 12338956 / Periodo de cobertura: del 09-07-2026 al 31-12- 2026 / MAN M 90 12 232 F MA
		TODOS:	236,18					

PRP2026/3051

Visto o expediente de gasto INT/2026/498 integrado polo xustificante de gasto correspondente a factura nº 1/2026 (rexistro contable nº 2026/4868), por importe de 200,00€ e data de emisión 22/06/2026, relativa á participación de Sofía Fernández na Xornada de Educación Sexual: máis alá da teoría o día 16/06/2026, dentro do proxecto con financiación afectada 2025/3/SUBV/15/1, e conformada polo servizo.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

PRIMEIRO: O recoñecemento de obriga para o xustificante de gasto relativo ao rexistro contable 2026/4868 por importe de 200,00€, dentro do proxecto con financiación afectada 2025/3/SUBV/15/1, coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/ 2026/486 8	1/2026	22/06/2 026	200,00	2312	22615	33561563D	FERNANDEZ MARTINEZ, SOFIA	PARTICIPACIÓN NA XORNADA DE EDUCACIÓN SEXUAL: MÁIS A LÁ DA TEORÍA, O 16/06/2026.
		TOTAL:	200,00					

PRP2026/3052

Visto o expediente de gasto INT/2026/520 integrado pola relación de xustificantes F/2026/155 por importe de 118.096,61€.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

PRIMEIRO: O recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2026/155 por importe de 118.096,61€, coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/ 2026/41 49	PROBA.25- 82	20/06/ 2026	3.080,00	432	22610	B36257657	MINICRUCEROS PROBA, S.L.	REMONTE RIO ULLA: RUTA XACOBEO MAR DE AROUSA.
F/	3347577336	30/06/	108,90	459	213	A50001726	SCHINDLER, S.A.	Descripción del artículo: EU

2026/4295		2026						Contrato de Ascensores Excellence Mantenimiento de 2026-06-01 a 2026-06-30 Dirección: ESTA
F/2026/4297	ASD 260023	01/07/2026	2.032,80	920	22799	B94099496	ASESORAMIENTO Y DESARROLLO DE SOLUCIONES EMPRESARIAIS, S.L.	SERVIZOS DE CONSULTORÍA - DEPARTAMENTO TÉCNICO () / Servizo: atención ao centro de accesibilidade
F/2026/4342	11525 552	01/07/2026	1.815,00	165	22706	06568549W	CAPELO GARCIA, ANTONIO	GESTIÓN ENERGÉTICA MUNICIPAL 2 TRIMESTRE 2026
F/2026/4461	V2600526	31/05/2026	664,61	943	46300	B36452464	AREA DE SERVICIO A BARCA SL	COMBUSTIBLE VEHÍCULOS MANCOMUNIDADE. MAIO 2026.
F/2026/4722	6 2600707	30/06/2026	154,73	1720	22103	B36452464	AREA DE SERVICIO A BARCA SL	GASOLEO A / GASOLEO A
F/2026/4788	Emit-26 32	05/07/2026	700,00	334	22609	G94150414	ASOC. LUMARADA CUL	PASACALLES DEL GRUPO DE GAITAS EL VIERNES 03 DE JULIO Y DOMINGO 05 DE JULIO POR LA FESTIVIDAD DE SAN PEDRO DE CORNAZO
F/2026/4843	414 14226088	15/07/2026	2.076,81	3321	62500	A92504323	DIBERETIF SAU	8 paneles de lamas cortados a medidas según plano y perfilados en aluminio blanco / ref .13710..5 unid. / ref. 40779...32
F/2026/4851	5700410576	20/07/2026	97.725,54	231	22725	B85621159	SERVEO SOCIAL SL	Prestacion de HORAS DE SAD DEPENDENCIA VILAGARCIA DE AROUSA. JUNIO 2026. HORAS LABORABLES: / HORAS FESTIVAS:
F/2026/4852	5700410577	20/07/2026	6.879,79	231	22725	B85621159	SERVEO SOCIAL SL	Prestacion de HORAS DE SAD VILAGARCIA DE AROUSA. JUNIO 2026. HORAS LABORABLES:
F/2026/4874	27 - 06	27/06/2026	391,00	338	22609	G36185817	GRUPO MOCEDADE DA TORRE 83	PASARRÚAS E PROCESIÓN EN FONTECARMOA O 27 DE XUÑO POLAS FESTAS DE SAN PEDRO 2026.
F/2026/5061	6 2600712	30/06/2026	382,43	943	46300	B36452464	AREA DE SERVICIO A BARCA SL	COMBUSTIBLE TRACTOR (MANCOMUNIDADE) E-0037-BGZ. ORDE DE COMPRA Nº11536.
F/2026/5210	O26- 6	08/07/2026	2.085,00	134	48401	B36030997	EMPRESA PEREIRA, S.L.	RECARGAS TARJETAS VAIBUS PARA TRANSPORTE URBANO DURANTE EL MES DE JUNIO 2026 (139 RECARGAS SEGÚN RELACIÓN ADJUNTA).
		TOTAL :	118.096,61					

PRP2026/3053

Visto o expediente de gasto INT/2026/521 integrado pola relación de xustificantes F/2026/156 por importe de 27.231,78€, dentro do proxecto de gasto con financiación afectada 2025/2/PREST/9/1 e conformada polo servizo.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

PRIMEIRO: O recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2026/156 por importe de 27.231,78€, €, dentro do proxecto de gasto con financiación afectada 2025/2/PREST/9/1, coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/2026/4337	2026 061003272	17/06/2026	5.194,71	160	61900	A28388023	SULZER PUMPS WASTEWATER SPAIN, S.A.	XFP100E-CB1.1-PE90/4-D05*10 / N.Serie: 301337649 / U?A ACOD. DN 100 AFP1 / JUNTA GOMA PEDESTAL ACOD.DN-100 AFP1 / CONJ.T

F/ 2026/43 38	2026 061003273	17/06/2 026	4.265,25	160	61900	A28388023	SULZER PUMPS WASTEWATER SPAIN, S.A.	XFP86E-VX.1-PE70/2-D05*10 / N.Serie: 301367845 / Freight and PackingPORTES
F/ 2026/43 39	2026 061003274	17/06/2 026	4.786,70	160	61900	A28388023	SULZER PUMPS WASTEWATER SPAIN, S.A.	XFP100E-CB1.3-PE60/4- D05*10 / N.Serie: 301349062 / U?A ACOD. DN 100 AFP1 / JUNTA GOMA PEDESTAL ACOD.DN-100 AFP1 / CONJ.T
F/ 2026/43 40	2026 061003275	17/06/2 026	5.021,50	160	61900	A28388023	SULZER PUMPS WASTEWATER SPAIN, S.A.	XFP80E-CB1.2-PE110/2- D05*10 / N.Serie: 301335115 / U?A ACOD. DN 80 / JUNTA GOMA PEDESTAL ACOD.DN-80 AFP1 / CONJ.TORN.INO
F/ 2026/43 41	2026 061003276	17/06/2 026	7.963,62	160	61900	A28388023	SULZER PUMPS WASTEWATER SPAIN, S.A.	XFP200G-CB1.1-PE90/6-D05*10 NG2 / N.Serie: 301283554 / KIT ADAPTER DN200 FLYT PED- ABS 2" / Freight and PackingPORTES
		TOTAL:	27.231,78					

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretario acctal, dou fe.